



Apoios para facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica e a súa competitividade, e mantendo empregos de calidade

Prazo aberto do
21 de maio ao
30 de xuño de 2025

Orzamento
6.700.000 €



Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias as **persoas traballadoras autónomas, mutualistas, pequenas e medianas empresas ou sociedades cooperativas e laborais** que cumpran, entre outros, os seguintes requisitos:

- Ter **domicilio fiscal en Galicia**.
- Estar **constituídas/dadas de alta e ter iniciado a súa actividade económica** no período que transcorre **entre o 1 de xaneiro de 2023 ata a data de presentación da solicitude**.
- **Ter presentado**, segundo corresponda, **as contas anuais do último ano** no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas.
- **Non obtivesen resolución favorable** na convocatoria desta axuda nos anos 2022, 2023 ou 2024.



Conceptos subvencionables

Os **investimentos en propiedade xa realizados e pagados** entre o **1 de xullo de 2024 e a data de solicitude**, vinculados de xeito indubidable ao proxecto empresarial, nos seguintes conceptos:

- **Equipamento informático**.
- **Activos intangibles** (sen materialización física ou financeira).
- **Investimentos en eficiencia enerxética**.
- **Adquisición de bens de equipamento e mobiliario**.
- **Reforma e habilitación das instalacións** do local de negocio.
- **Gastos notariais e/ou rexistrals**.
- **Gastos de alugamento de inmoables** para a realización da actividade para a que se solicita subvención.
- **Adquisición de activos pertencentes a un establecemento ou bens de equipo de 2ª man**, sempre que:
 1. Os activos se adquiran a unha persoa non relacionada coa persoa compradora*.
 2. Consta declaración da persoa vendedora sobre a orixe dos activos e de que non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
 3. Se acredita por taxador/a independente ou por empresa subministradora de bens da mesma tipoloxía que o prezo de compra non é superior ao valor de mercado.

* Non aplica se a persoa emprendedora que continúa coa empresa é membro da familia da persoa propietaria inicial, ou unha empregada que se faga cargo da empresa para continuar a actividade.



Intensidade dos apoios

I. Para investimentos

De 5.000 € a 20.000 €	55 % do investimento	}	+	10 % se evita peche do negocio
De 20.001 € a 30.000 €	50 % do investimento			
De 30.001 € a 60.000 €	45 % do investimento			

II. Para outros gastos

Gastos notariais e/ou rexistrais	ata 300 €	}	+	10 % se evita peche do negocio
Aluguer de inmobles para a actividade	ata 1.500 €			



Documentación complementaria

Xunto coa solicitude **deberase** achegar a seguinte documentación:

- Poder suficiente da persoa representante no caso de actuar mediante representación.
- Contrato ou documento de creación da comunidade de bens, sociedade civil ou entidades sen personalidade xurídica onde conste a porcentaxe de participación das persoas socias ou comuneiros, se é o caso.
- No caso de persoas mutualistas, certificado de alta no colexio profesional indicando si presupón ou non exercicio de actividade; e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta.
- Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria (modelo 036 ou 037), no que debe figurar a data da alta (ou alta previa, se ser o caso), o domicilio fiscal e a localización do establecemento da actividade.
- Facturas e o seu xustificante bancario de pagamento correspondente.

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

Para investimentos **iguais ou superiores a 15.000 € ou obras iguais ou superiores a 40.000 € aínda non realizados** no momento de publicación da convocatoria, deberá presentarse coa solicitude **tres ofertas de diferentes empresas non vinculadas** coa persoa solicitante, con data previa ao compromiso de prestación.

A elección entre as ofertas atenderá a **criterios de eficiencia e economía** e deberase xustificar expresamente no anexo de solicitude cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

De ser o caso, deberá presentar **declaración responsable de persoas e empresas vinculadas** en que acredite que as ofertas presentadas non corresponden a empresas vinculadas á solicitante nin a persoas relacionadas coa mesma ata o 4º grao de consanguinidade ou afinidade.